

Acta N°2

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE **3 PRAZAS DE COIDADOR/A INFANTIL (PERSOAL LABORAL FIXO)** PERTENCENTE Á CONVOCATORIA DA OPE EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.

LUGAR; Salón de Plenos da Casa do Concello de Negreira

DATA: 04 de outubro de 2024

HORA COMEZO: 15,00h

HORA DE REMATE: 15,30 h

ASISTENTES;

Presidenta: Miriam Naveira Dono. (Secretaria do Concello de Negreira).

Vogais:

Vogal 1.- Sonia Ponte Esturao.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

Vogal 2.- Sonia Nieto López.- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

Vogal 3.- Carmen Cerviño Leis.- Administrativa do Concello de Negreira.

Secretaria: Maria Jesús Cao Meitín.- Logopeda do Concello de Negreira.

Tendo presente a resolución número 284, de data 14 de agosto de 2024, polo que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos no proceso de selección de 3 prazas de coidador/a infantil (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada completa da Oferta de Emprego Público extraordinaria 2022 (Lei 20/21 do 28 de decembro).

De acordo ao establecido nas bases específicas e xerais que regulan o proceso selectivo para 3 prazas de coidador/a infantil (persoal laboral fixo) (BOP nº243 do luns 26 de decembro de 2023) onde se establecen os criterios de selección das persoas candidatas admitidas no proceso de selección para a citada praza.

O sistema selectivo empregado é o de concurso de méritos e a puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na devandita fase.

Esgotado o prazo establecido para reclamacións, existindo reclamación para o referido proceso, este tribunal cualificador establece:

**Primeiro.-** Advertido erro material na Acta nº1 publicada no taboeiro de anuncios do Concello de Negreira o día 20/09/2024, no que respecta ao Anexo I detallase a puntuación obtida por cada aspirante separada nas seguintes categorías; Experiencia profesional, Formación e Acreditación do

Celga. Corríxese nesta acta establecendo que os/as candidatos/as presentados e baremados acreditan a posesión do Celga 2, non do Celga 4. Onde dí: “Celga 4” debe dicir “Celga 2”.

**Segundo.-** Non se barema máis da formación acreditada, nin da experiencia profesional acreditada cando as/os aspirantes superen ou acaden a puntuación máxima establecida.

**Terceiro.-** Desestimar a alegación presentada por Dona Estefanía Regueiro Sueiro, tras revisar a documentación presentada pola aspirante, concretase que a súa puntuación final é de 71,12 xa que o certificado de servizos prestados do Concello de Val do Dubra, rexistrouse con data 14/06/2023 e número de rexistro: 202399900000693 o cal está fora do prazo establecido de presentación da documentación, posto que a convocatoria publicouse no BOE do mércores 26 de abril de 2023, establecéndose un prazo de 20 días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación, rematando o prazo o 18 de maio de 2024. No que respecta os servizos prestados no resto do sector público, o Informe de Vida Laboral aportado de data 11/05/2023 acredita un total de 482 días, o cal suma 16 meses completos e 2 días. Acadando unha puntuación neste apartado de 16 meses \* 0,06= 0,96 puntos.

**Cuarto.-** Corríxese de oficio a puntuación referida á aspirante Dona Susana Serralvo Cebey, tras revisar a documentación presentada pola aspirante, a pesar de non presentar a execución da sentenza referida que delimita o tempo a computar.

Deste xeito, a puntuación total obtida no apartado de experiencia profesional é de 75 meses \* 0,22 = 16,50 puntos, sumando unha puntuación total de 26,50.

**Cuarto.-** Establecer a listaxe de cualificacións finais obtidas polos/as aspirantes ás 3 prazas de Coidador/a Infantil (persoal laboral fixo) do Concello de Negreira

NOME E APELIDOS	DNI	CELGA 2	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL
IRENE TURNES SENDÓN	*****384-Q	SI	90	10	100
LOURDES GARCIA CARBALLO	*****299-V	SI	90	10	100
ESTEFANIA REGUEIRO SUEIRO	*****065-D	SI	61,12	10	71,12
NOELIA ANTELO QUEIJO	*****813-E	SI	51,92	10	61,92
SUSANA SERRALVO CEBEY	*****193-X	SI	16,50	10	26,50
SINDY FAGIN FARIÑA	*****584-Q	SI	9,86	10	19,86
ANA BELÉN REY RODRIGUEZ	*****195-P	SI	0,66	10	10,66
ESPERANZA PAREDES GONZÁLEZ	*****595-G	SI	0,44	10	10,44

**Quinto.-** Proponer á Alcaldía o nomeamento como persoal laboral fixo para as 3 prazas de coidador/a infantil a xornada completa a Dona Irene Turnes Sendón, Dona Lourdes García Carballo e Dona Estefanía Regueiro Sueiro

E sen máis asuntos que tratar, o presidente declara rematada a sesión sendo ás 15,30 horas do día 04 de outubro de 2024. Asinado O Tribunal Seleccionador.-